# Par Deus

## Cántigas de Santa Maria, n. 282




a quen en e - la ben cree;
ca es - tan - do con séu Fi - llo,
to - do sa - b'‿e to - do vee,
pe - ro que - na a - quí cha - ma
sa mer - ce - e non lle fal.

## Ripresa

Par Déus, muit' á gran vertude na paravla comũal
u dizen todos nas coitas: “ai, Santa María, val!”

## Stanze

1 Ca muito é gran vertude e pïadad' e mercee
d' acorrer sól por un vérvo a quen en ela ben cree;
ca estando con séu Fillo, todo sab' e todo vee,
pero quena aquí chama sa mercee non lle fal.

2 E daquest' un séu miragre mui fremoso contarei
que mostrou grand' en Segóvi' a, com' éu en verdad' achei,
un fillo de Dïag' Sánchez, un cavaleiro que sei
que na cidade morava e éra ên natural.

3 Est' avía un séu fillo que amava mais ca si;
e un día trebellando andava, com' aprendí,
encima dũu sobrado muit' alt', e caeu dalí
de cóstas, cabeça juso, e foi caer ena cal.

4 A ama que o crïava foi corrend' a aquel son
do meninno que caera, e o padre lógu' entôn;
e outrossí fez a madre, que o mui de coraçôn
amava mais d' outra cousa como séu fillo carnal,

5 Coidando que mórto éra, e foron polo fillar.
E quando pararon mentes, vírono en pé estar
trebellando e riíndo, e fôrono preguntar
se éra ja que ferido ou se se sentía mal.

6 Diss' el: “Non, ca en saendo chamei a Madre de Déus,
que me fillou atán tóste lógo enos braços séus;
ca se aquesto non fosse, juro-vos, par San Matéus,
que todo fora desfeito quando caí, come sal.”

7 Quand' est' oïü o padre e a madre, gran loor
déron a Santa María, Madre de Nóstro Sennor;
e lóg' o moço levaron aa eigreja maior
con muitas candeas outras e con un séu estadal.





CC BY NC SA